

Nunca se sabe

Manuel Forcadela

O Ximnasio de Academo 2014

Capítulo I

Nestas páxinas que verte a memoria na conciencia
Como verten as tormentas moitos ríos que xa foron
E que han de regresar
Hai por veces materiais de palacios que caeron
E de torres que unha tarde derrubaron a súa altura,
Muros fortes que noutrora opuxeron o vigor
Contra exércitos escuros,
Baluartes que o destino tornou cinza e refugallo.

Son os restos de esplendores o que fai brillar o sol,
Os anacos de cristal (ou de espellos e xanelas)
Os que emiten un reflexo delicado,
Os que fulxen como un eco.

Son fragmentos dunha idade sen presente,
Dunha época perdida nun estraño país
(o país que nos roubaron e que agora
se espaxe como un soño,
ese mesmo do que ás veces volven músicas estrañas,
o país no que prendeu a nosa flor
e a semente que alguén dixo de estragar).

Nestas páxinas emerxe aínda a sombra desa terra.
Podes vela nos seus versos.
Podes mesmo acariñar o que resta do seu voo,
O vaivén que as aguias deitan sobre os campos,
O percurso dos seus vellos carromatos polas feiras.
Tamén podes afinar a ollada e contemplar
O regreso da andoriña,
Como os líquidos que prenden no clamor das vellas
pedras
Falan linguas consumidas,

Erguen mármoreos brillantes de palacios que noutrora
Propuxeron limpas regras e asinaron os seus pactos.
(Levo areas dunha praia nunha caixa de cristal.
Basta abrila pra sentir o arrecendo que espaxe
E o misterio que do aroma se desprende).

Algo así tamén pasaba nestas páxinas escuras
Polo tempo en que tiveron harmonía
E souberon procurarse un asomo de atención.
Era abrilas e chegar até o fondo da conciencia
A memoria do que foi.

Con que deses cos teus ollos sobre a liña dunha letra
Fortes ventos remexían nas ruínas do pasado
E chegaban como barcos desde illas moi distantes
Prodixiosas incursións,
Naves bárbaras inzadas de solemnes manuscritos,
Con orquestras delirantes a rolar sobre a cuberta,
Afinando os instrumentos da saudade.

Con que fose a túa mirada a bater nunha palabra
Xa de vez o teu amor polo incerto país
Carretaba no silencio vellas crónicas de gloria.

Con que fosen os teus labres percorrendo cada sílaba
Unha onda sixilosa abatía no areal
Dos antigos naufraxios
E era certo que volveran os feroces capitáns,
Os terribles sarxentos,
Os tenentes que arrincaran dos imperios
Unha illa imposible.

E todo finalmente conducía
Para un pórtico aberto

Onde estaban as albas.

Nestas páxinas perdura todo iso que xa morre.
As olladas inocentes dos meus pais cando casaron,
Eses rostros que traspasan a cor gris do fotograma
E procuran un porvir que xa non viron,
Ese algo dentro deles que camiña ás apalpadas
E se orienta polos séculos,
Esa luz que desde o centro das meniñas dos ollos
Parece estar alegre, confiada
En que os barcos chegarían
Carretando novas páxinas.

Ou as sombras que amañecen polo fondo
Percorrendo unha tristeza
Que ningún dos dous sabía
Mais que sinto agora eu.

Nestas páxinas existe aínda un faro xunto á costa
Debuxando cos seus raios o horizonte,
Rabuñando a escuridade como un gato,
Proxectando no silencio unha música de luz,
Melodía de lanternas e de fachos.

Nestas páxinas galopa un cabalo na Cañiza
Cando eu tiña catro anos
E era un tal señor Constante quen me andaba a pasear
Nas alturas do cuadrúpedo.

Nunca souben o motivo de que fose entre as
lembranzas
Máis antigas a que máis
Se repite na memoria.

Como esoutra recorrente, reiterada,
Cos meus pais a camiñar, miña nai inda tan nova,
un domingo pola tarde.
Todo dorme nestas páxinas.

Con que abras ben os ollos poderás examinar
O teu rumbo polos días que vivín,
A túa man seguindo as liñas
Como partes dun debuxo,
Os teus dedos procurando un relevo no papel,
Algún mínimo sinal que ficase da impresión
Como proba de que o texto foi escrito,
Foi produto da vontade e mais do esforzo.
Houbo alguén a devecer
Por deixar que estas palabras lle caesen do silencio,
En gardar estes vocábulos absurdos
Como cólicos dun tempo que murchou,
En facerlles unha foto esparexidos sobre a terra,
En pintarlles sobre o rostro algunha lágrima,
En dar conta do seu caso e da súa morte.

Tamén foi por ese tempo
Cando o corpo inda vencía
Nas batallas contra a idade,
Que chegaron os amores como aves sonámbulas,
Os amores revoando como espectros,
A pousar nas miñas pálpebras o eco dun soño,
A gardar na miña boca un sabor de boca allea,
A deitar na miña pel o galano doutro tacto.

Tamén foi por ese tempo
Cando o tempo inda podía regalarse como un vidro,
Unha froita ou un anel.

Con que deixes evadir o arreguizo que che proe pola
memoria

E repares nos seus días celestes

E acredites que era exceso de saúde, de vigor,

Tamén ti verás xurdir unha efixie luminosa

E aquel corpo de muller a cumprir dezaioito anos,

Agasallo do misterio,

Un camiño de infinito que se abría,

Un carreiro cara á luz que foi ficando en sombra.

Porque a luz esixe sombra.

Nestas páxinas existen leves ventos que sopraban

Como sopran sobre as velas dos navíos lentas brisas

E arrincábannos da costa cara ao fondo.

Nós, que andábamos daquela no negocio de exportar

O arrecendo das flores nunha caixa de cristal.

Nós, que fomos nese tempo mercaderes de perfume

E facíamos colonia no alambique da noite.

Nós, que entrábamos no templo salferindo aquel

aroma

E embriagamos moitas tardes multitudes peregrinas.

Nós, que déramos coa esencia da beleza

Nunhas pingas destiladas da flor da laranxeira.

Tamén foi por ese tempo

Cando o inverno procedía

E era cedo para abril

Que empregamos o serán durante meses

En aprendermos a voar por entre nubes.

Nós que andábamos espidos, abrazados ao silencio,

Derrotados pola beira dos camiños,

Mesmo bébedos de sombra,
A escoitar como o ditado destas liñas nos chegaba
Desde un pródigo alén.

Nós, que fomos nese tempo unha orixe e un final
E levábamos ramiños de misterios e xasmíns
Prendidos nas lapelas da chaqueta.

Nós, que fomos como deuses porque tíñamos a luz
E o mencer da mocidade.

Algo así tamén pasaba nestas páxinas escuras
Polo tempo en que tiveron máis tristeza
E souberon procurarse un asomo de atención.

Con que oíses o tambor e seguises o seu ritmo
Deseguida escoitarías como o canto do ouriol
Tiña o voo doutras idades
E o misterio do seu chílo polos séculos dos séculos.

Con que foses a seguir o seu ritmo polos ramos
E sentises a cadencia da súa danza constelada
O ronsel do seu camiño difundido pola brisa
Xa terías a razón, a resposta da pregunta,
Ese grito que se afoga no silencio.

Con que deses a metade da metade da facenda
O teu rumbo perdería o sentido da derrota
E unha páxina erguerías sobre o mastro das bandeiras
Como enseña da túa hora,
Como emblema do teu soño.

Ti, que outrora carretabas os bidóns de escuro lixo
E volvías para casa no mencer impregnado de ferruxe.

Ti, que en tempos abrazaches aquel busto de andoriña
E xuraras serlle fiel a un espectro de misterio.

Ti, que acaso xa ignorabas que pertences ao devir
Que goberna cada cousa
E con lápis de mil cores vai pintando o devalar,
O polícromo carreiro dos teus días.

Ti, tamén, que te achegabas para ver pasar o inverno
E acendías na lareira un incendio controlado.

Nestas páxinas tamén vai o día en que ingresei
Temeroso na milicia e fun deito prisioneiro
Polo exército inimigo, e perdín case dous anos
E gañei a disciplina, a vontade que non tiña,
E fun feito prisioneiro polo exército da sombra
E chorei melancolía.

Algo así tamén pasaba nestas páxinas escuras
Polo tempo en que tiveron harmonía
E souberon procurarse un asomo de atención.

Nestas páxinas as voces dos meus fillos
E a celeste gargallada,
O sorriso que traían desde o fondo constelado,
Auga limpa das estrelas,
O rumor que se esparexe entre anos de luz
Nalgún punto primixenio.

Nestas páxinas, por fin, o meu curso de fracaso,
A derrota do meu rumbo,
O devalo do meu pulo.

Mais agora cae a noite.
Todo venza o voo do tempo.
Todo borren os torrentes.

Pouco fique destas páxinas.
Quen escriba a súa memoria sentirá como un afán
Por dar conta do seu eco
E tecer os novos lances da súa lenda,
Por abrir contra o solpor ese espello regalado,
Reverter o raio cego para o fondo do universo.
Serán luces contra luces
Que se afastan e regresan.
Un espello que repite o reflexo doutro espello
Que repite ese reflexo que repite ese reflexo...

Brinde

O viño é un sentimento. Non existe como tal.
Pode ser que te confundas cando escoitas o clamor
Do seu líquido a caer sobre pozos de vidro
Ou que gardes o arrecendo como un resto de materia.
Mais o certo é que está feito para un día esvaecerse
Como as nubes e o silencio, como as tardes ou o voo
Dunhas aves na distancia.
Bebe, pois, dese misterio. No seu corpo está o percurso
Que atravesa cada cousa, os enigmas do dicir,
A escura cifra que conduce o devalar,
O motor que xira a roda dos imperios do tempo.

Soliloquio do pasaxeiro

Non é fácil percorrer os camiños que levaron
o teu corpo até o país do silencio e da loucura
sen obter antes indulto, a desculpa, a absolución
polos danos infrinxidos, polo estrago irreparable.
Mais non sei que fixen mal, en que curva do camiño
enganei o rumbo exacto, foi menor o meu esmero.
Pode ser que algún dos brillos que fulxían no ouropel
me cegase ou me privase do sentido da visión,
que ficase fascinado, deslumbrado coas estrelas
que amañecen na palabra, sen aviso nin anuncio.
Mais foi todo tan veloz, tan de presa, tan axiña;
foron tantas as escollas, houbo tanto neboeiro,
que chegar até esta marxe do Leteo ten o honor
dos atletas esgotados, dos exhaustos corredores.
Pode ser que a nave estea xa agardando o
embarcamento.
Nela irei sumido en sombra, no devalo do serán,
sen obter xamais perdón, nin desculpa ou indulxencia.

Pedras

Hoxe levo sobre o lombo sete pedras de misterio.
A primeira está disposta por enriba das costelas.
Ten o frío dos meus mortos. Canto foi e esvaeceu.
A segunda e a terceira premen forte sobre os ombros.
Levan peso da existencia, case, case insoportable.
A cuarta, máis abaixo, está centrada sobre a espiña.
Doe tanto e tan agudo que só pode levar dentro o
abandono e o fracaso.
A quinta é máis lixeira mais preséntase punzante,
con vontade de ferir,
o quebranto do país polos séculos dos séculos.
A sexta, no remate da columna,
é tamén como un castigo polo erro dos meus rumbos.
A sétima e final está disposta na caluga. Non me deixa
nin pensar.
Leva lustros a roerme os alicerces da razón
e estou certo que algún día
ha tirar o templo enteiro devolvéndome ao silencio.
Sete pedras, sete chagas, sete liñas
Para o mármore final.
Xunto ao alto ciprés.

Cicatrices, non tatuaxes

*Somos rozamento, frotación, desgaste de contacto,
Colección de cicatrices, inventario de chagas.*

A primeira cicatriz vai comigo debuxada
No interior da perna esquerda.
Non ocupa e non a sinto.
Só un deseño como un mapa. Un trazado
Da fortuna sobre a carne infantil.
Unha especie de medalla
Nos meus delirios épicos.
Deixoume sen brincar durante meses
E pasei moitos recreos melancólico.
Curou e foi caendo
Cara ao mar do esquecemento.

A segunda tardou tempo.
Varias décadas acaso.
Desta volta era obrigada, imprescindible.
Necesaria como a chuvia.
E foi furando polo centro do meu torso.
Tardou noventa días en curtir.
E mantívome semanas do diván para o xergón
Da cadeira para o leito.
Conseguiu que o corazón resucitase.
Un regreso do vigor e a resistencia.
Non se ve. Mais é evidente.
Vai oculta entre a peluxe
E é un orgullo militar,
Pavillón dos descalabros, divisa dos fracasos.

Son tatuaxes construídas polo río da existencia,
Engadidos do meu corpo que dan conta do devir,
As pertenzas e a facenda do tempo sobre a carne.
Propiedades do misterio sobre a pel.
Posesións da sombra.

Cicatrices de vangarda que restauran o meu corpo.
Sibilinos trazos do ronsel do acontecer.

Definición da sombra

A cal de todos eses que saen nas miñas fotos
Dicindo que son eu
Lle debo este poema?
A aquel que se bañaba na fronteira
De Albania con Kosovo
Hai máis de trinta anos
E tiña o corpo frío baixo o sol?
A esoutro que camiña no solpor de Leningrado
E sente como renxen as páxinas da historia
E os ecos dos motores do insomne acontecer?
A este que perdido nas ferverzas do Atlas
Espreita anacoretas reclusos nas súas celas
Rezando unha pregaria enfebrecida?
Ou a ese que arestora, sumido polo centro
Do corpo do poema,
Cavila nunha tregua
Na loita coa linguaxe?
Ningún de todos eles habita por aquí.
Xa todos carretando o pó do esquecemento.
Así como te cargas de pasado
Xa cesa o teu porvir,
Xa mingua o teu futuro.
Dirás que segues vivo, mais eu seino.
Eu sei que xa morriches.

Outra canción do Miño

Os humanos poderán cruzarme polas pontes,
Navegar as miñas augas,
Camiñar pola ribeira.
Mesmo algúns atreveranse a entregarme a súa
existencia
Afogándose en min.
Mais eu, río devalante na épica da foz,
Ou regato torrencial alá pola nacente,
Ou lentísimo vagar no centro do meu curso,
Hei seguir esta viaxe sen deter o meu camiño
Mentres haxa chuvia e sol, vento e terra.
Ese foi o meu afán polos séculos dos séculos.
E non teño outro destino.

Os humanos poderán afondar no seu misterio,
Descubrir que no silencio, onde todo xa foi dito,
Hai un pouco do rumor do meu corpo contra a herba
E do reflexo do sol sobre as augas,
Debuxar na miña pel garabatos de nadar
Ou ficaren abraiados a mirarme pola noite.
Mais eu, puro acontecer, simple tránsito e ocaso,
Hei durar até que o mundo se disolva como un plástico
E rebenten as burbullas que hai no alento do universo.

Picolissima serenata

*Questa piccolissima serenata
con un fil di voce si può cantar?
Ogni innamorato all'innamorata
la sussurrerà, la sussurrerà?*

Gianni Ferrio / Antonio Amurri

Só lembro que aquel ano
A praia estaba inzada de turistas.
Fermosas raparigas
Viñeran desde lonxe ver o mar.
E a tarde percorría a pel sobre o seu lombo
Cargada de presaxios.
Eu era dos que andaban por alí
Feliz, desocupado,
Vertendo a miña vida nun cálice de espantos.
O bronce do verán nos brazos fortes
E un brillo de setembro polos ollos
Falaban desde min sobre a beleza.
Oíase no fondo unha canción
De música italiana.
E as mozas que pasaban ao lonxe parecían
Volver do tempo grego.

1978

*Eu tiña por entón a barba florecida
de marxismo e de tristeza
e algúns poemas orbitando
arredor da cabeza.*

As tardes en que o inverno deixaba aparecer
anacos de ceo limpo
saía a dar paseos nos montes do misterio
oíndo algunha música,
cancións que o tempo logo foi murchando,
a eterna sinfonía da néboa que non cesa.
E foron de vagar pasando aqueles meses.
Igual que unha palabra.
Naqueles altos predios a xente non durmía.
Deixaban que un insomnio de séculos lle abrise
de par en par os ollos. E andaban toda a noite
ollando para o escuro. Vertían polas horas
un lume de silencio. E nunca recollían
as cinzas que deixaban. O pánico caído
nos vómitos de sombra. E o brillo misterioso
das pedras na distancia deixaba que mirases
o mundo desde as tebras.
Eu era por entón un home inda recente
e tiña unha carteira con cartas oxidadas,
papeis enferruxados e cólicos escritos,
incertas notacións de cousas que pensara
e líquidos vertidos nalgunha noite ebria.
Tamén dispuña ás veces dun carro algo cansado,
vehículo que daba percursos polas praias,
do estío ata novembro.
O resto era fortuna e ganas de vivir.
A cruel felicidade que verte na nostalxia.

A hora cenital dun círculo confuso.

Da triste infantería (1979)

No tempo en que eu servía no exército español
(un pésimo soldado) baixaba algunhas tardes
a ver morrer a luz no mar de Tarragona.
O mundo era daquela un óxido, unha chaga,
o espasmo do final da ditadura.
Os sábados de inverno,
aqueles que doían,
rapados como ovellas,
vestidos de paisano,
sentábamos no fondo dos garitos
oíndomos a Llach
ou léndomos a Espriu,
felices de sentir algunhas horas
a vida como un sopro delicado.
E mesmo algunhas noites podíamos falar
dos rumbos que emprenderan
a Historia, a Poesía.
Mais todo remataba en pouco tempo.
Feridos na soidade das pensións,
nos cuartos máis baratos, entre xentes
de erráticos camiños, perdimos anos longos,
os meses que viraron a década nun tempo diferente.
E logo xa era tarde.
O século vencía.
O século fendera como un vidro.

Barcelona

Barcelona, canto tempo sen pousarme sobre ti,
Sen deixar que a miña vida se cruzase
Na túa fértil mutación,
No bulicio do que brota algunha flor,
Na borralla sen cura do teu rostro cincento.

Cantos anos desde o día en que houben debuxar
No meu corpo unha tatuaxe co teu rostro de sirea,
Sobre a pel un arrebatado de quererte,
Misteriosa alauda, anduriña gris.

Fuches leito dos meus anos máis fermosos.
Moito andei pola túa sombra
Na procura do teu voo.
Moito souben sobre ti sen dicíresme palabra.

Barcelona, unha mañá,
Cando o tempo se esgotaba
E tiña presa por partir.

Fundación do clasicismo

*Dos homes que fun sendo ao longo da existencia
ningún máis inquietante que aquel que ollou un día
as ruínas de Éfeso.*

Gardábamos o templo da deusa da vendima.
(Oh Melos, ebriedade
Da música, do baile,
Nai da morta melodía,
Un pulo de voar no corazón)
E nas noites estreladas danzábamos sombríos no alto
da linguaxe.
Felices e acollidos debaixo das columnas,
Mirábamos o día sen presa por partir,
Pasábamos a tarde errantes de nós mesmos
A ollar para a xornada.

E un día decidimos percorrer
As vías e camiños que levan cara a Oriente,
Deixar atrás meandros, derrotas e sendeiros
E, xa no itinerario, seguir nese traxecto,
No rumbo dun percurso de aguda travesía,
Na senda dos que foxen dos cólicos do mundo
E parten cara ao fondo da India na distancia.

O arrouto cara ao lonxe levounos a Anatolia.
A furia, o magnetismo, que brota do distante.
Felices do arrebatado, exánimes e lánguidos.
Anémicos de rumbo, vencidos de fatiga.
Rezando estraños mantras, orando con cancións,
Pregarias e mutismo.

(Non hai mellor viaxe
Que aquela que se fai co sentimento.
E todos xa sabemos
Que o mar dos signos é moi tormentoso.
Non ten outro destino que o naufraxio.
Encontrarlle algún sentido é dar cun continente.
Só cabe navegar).

E velaí que apareceu o lóstrego de Éfeso,
Oh Éfeso a brillar, oh pedra baixo o sol,
O día en que fundamos de novo o clasicismo.

Seeds of time

*If you can look into the seeds of time
and say which grain will grow and which will not
speak then to me...*

William Shakespeare

El gardaba polo fondo dos abrigos unha chave,
unha lámpada encontrada no interior dos barcos
tristes,
neses portos que abril deixa entre manchas de gasóleo
e pelicas de laranxa,
e pedía polas portas unha caixa
algo triste e clausurado que puidese ser aberto
algo vello con misterio, con enigmas a romper,
unha cifra que acollese o artefacto de ferro.
Dera en ser un esmolante das palabras e os sentidos
nunha loita corporal contra a historia e a beleza.
De cando en vez baixaba por ver a luz do mar
e sentía nesa chave contra a punta dos seus dedos
dando corda aos seus reloxos
como as rodas máis dentadas a virar
lle restaban novos círculos ao tempo.
Mais a chave estaba alí, instrumento que seguía
polo fondo dos abrigos.
E unha tarde de naufraxios escoitou dentro de si
unha voz que lle dicía:
“Oh Hibernia derramada, país do vento triste,
no canto da silente Sepharad,
se fores quen de ollar por dentro
as sementes das idades
e dar nova noticia de que gran ha prosperar
e cal outro ha de perderse,

dáme conta do teu voo
e entón eu tirarei a chave contra o tempo
no mar de tinta escura,
no fondo das súas ondas incesantes”.

Oh Hibernia, vidro roto

Conságrame de novo esta ferida
E verte na súa chaga escuro viño
Oh Hibernia, vidro roto,
Un nome baixo o voo da enredadeira.
Igual que os mariñeiros que, errantes na soidade,
Percorren no silencio a branca néboa,
E gardan no seu peto as herbas do lugar
E o cólico do inverno
Así tamén aqueles que andan a fender
Cos ollos o diamante das sireas,
Oh espiña de país, cidade torturada.

Trae contigo as chaves vellas de cobre,
O espléndido almacén enferruxado
Onde gardas os séculos
E os libros balorentos das idades.

Reúne ao pé das torres o teu pobo,
A luz dos máis capaces con pel de sombra
E verte enriba deles unha rede
De flores e de espadas
Acaso cando chegue o novo inverno.

Fermenta nos seus cálices o voo
Do tempo sobre as cousas
E dálles a beber melancolía.

Despois regresa ao templo e comparece
Nas hortas falecidas dos feridos
E funda unha república de soños,
Oh Hibernia, vidro roto,
Un nome baixo o voo da enredadeira.

País

Encadeadas pola historia a este solpor
Entre a frouma que as acolle xunto ao cerne do inverno
(Un estreito horizonte de poeirentas encostas,
O chan enxoiado das vías como unha enferruxada caricia,
A longa hora dubidosa)
Camiñan entre as néboas de Hibernia,
E teñen nos roupeiros
Gardados mil enxamios
De lume azul mariño,
Bandeiras como sombras
De auga e movemento
que ferven chaves vellas e lama e refugallo,
sen panos que lles sequen as bágoas de tristeza.
Son nubes do ceo vago,
Confusa carnación
Dos aires sobre a terra,
Silentes apetitos de aves que transmigran,
As costas do silencio, abril desde a distancia.
Algunha foi pensar, oh Santa Noite excelsa,
No tempo como un vidro que se quebra
Despois daquelas horas que brillan sobre os mapas,
Ao pé daquelas casas tan baixas como a sombra,
Que outubro eran os ventos do ano consumido.
Mais nada é certo agora:
A luz como unha chaga purulenta.

Virada

Mergulla o tempo morno esa nube no horizonte.
Faino lenta antigamente como outrora hai moitos anos
e dispón o corpo orondo nunha áurica linguaxe.

Todo muda. O mundo é
ese magma que acontece.

Unha fonte que se verte
sobre a auga doutra fonte
como un río que despois
chega a un río na distancia.

O mundo é unha distancia que se perde.

E esta nube, este horizonte
leva fontes, tamén ríos
que moi logo irán verter
sobre tempos que inda dormen.

Todo muda. O mundo é
esta tarde que esvaece.

Open door

A porta segue aberta no fin do corredor.
Alguén deixouna así nun conto ou nun poema
E verte para o abismo borrallas de misterio.
Un barco, unha tormenta de outono, un vello pozo,
Materias que abril pousa no sur do esquecemento,
Ingresan por alí caendo polo inverno.
Sutil o magnetismo dos espectros,
Absorto na linguaxe soaba un clarinete,
Medía a luz da tarde, soñaba con imáns,
Compañía os inventarios da ruína:
Acaso unha fortuna que murcha atesourou
O tempo do declive dos imperios.
A música que acende partículas de vidro
Nas cordas que penduran do alto dos roupeiros
E deixa engalanados os líquidos da tarde.
Derrota de Antón Bruckner no fin da sinfonías
Na luz que desafina nos límites de agosto.
A porta segue aberta no fin do corredor.
Se alguén a fecha un día morreremos.

L'ascension et la chute de Julien Sorel, personnage légendaire

E só por ver de novo
Aquela ollada escura
Pasei varias xornadas
Montado no cabalo
Camiño de París.
A brisa viña fría a noite en que cheguei.
Billaban as candeas nos barcos polo Sena
E Francia hipnotizada rendíase ao glamour
Da nova idade áurea.
Busquei na multitude o voo daqueles ollos
Nun tempo capturados no tránsito fugaz
Da tarde contra a noite.
E souben que era inútil a procura.
Despois de varias tardes deixándome arrastrar
No río dos paseos, na luz dos bulevares,
Na area dos xardíns das Tullerías,
Tomei a decisión: que cese toda busca,
Que o inverno se declare.
E foi entón cando mirei de novo aquela ollada.
E souben que o meu tempo vertérase caendo
Igual que caen as follas das árbores caducas.
Beleza, nin os anos nin as neves nin o xeo que se
derrete
Son nada contra ti, que sempre te desvelas
Desde o fondo do misterio,
Nas imaxes,
Nas palabras.

Guía do secreto país

Se coñeces o país onde agrela o limoeiro
E no verde escuro brota o ouro das laranxas,
Onde o buxo por decembro gaña grave irisación
E un espectro determina os pigmentos das hortensias...
Se coñeces, digo, ese país e non sabes onde está,
Non coñeces os camiños que conducen á fronteira
Nin recordas como un día deambulaches por alí
Cando agosto proxectaba cenital o seu dominio
E no río peregrino percibíase o rotar das coroas do
universo...
Se coñeces, digo, esa nación, ese imperio derrotado,
Esa terra malograda de fastío,
A provincia sen contorno, a comarca sen sombra,
Ese chan sen territorio, ese reino consumido,
E non dás con el andando, nin soñando,
Nin buscándoo no teu mapa...
Pode ser que, coma min, andes confusa polo mundo
E precisas outro rumbo, outro compás,
Para dares co lugar entre as pedras milenarias.
Mais se queres chegar antes, é moi fácil o camiño.
Procura algún lugar de torrentes e regueiros,
Ou de fontes e secretos mananciais.
Fecha os ollos e verás como está dentro de ti,
Nalgún remoto espazo que esqueceras,
Pola zona dos sombríos territorios e as nocturnas
ruínas,
Pola parte en que o misterio faise amante do desexo.
Velaí o que buscabas.
Nunca máis volvas partir.

Cidade de Saturno I

En Manhattan aluguei un pequeno apartamento
Na exacta confluencia do Soho e China Town.
Tiña enteiras as xornadas para andar pola cidade
Camiñando sen destino até o linde da fatiga.
E vagaba horas e horas solitario, pensativo,
A compor breves poemas e tirar algunha foto.
Era o núcleo da existencia o que alí se me ofrecía
Nel mezzo del camin. Era o centro da mirada
O que o mundo me vertía sobre o rostro.
Era un cólico de vida, de brutal acontecer.
Porque iso era a cidade na altura en que eu andei
Para arriba, para abaixo, as súas longas avenidas.
Non recordo case nada porque o tempo vai minguando
As imaxes na lembranza. Mais das fotos que tirei,
Documentos de fulgor, hai algunha que conserva
Aínda nítida a viveza, ese lóstrego do enigma.
Era o tempo en que curaba dolorida a cicatriz
Das súas torres derrubadas.
Unha época de chagas e doenzas.
Un enorme formigueiro bulicioso até a fatiga
A enerxía concentrada do planeta.
Nese tempo eu era amigo de fuxir
E Manhattan pode ser fugazmente unha fuxida
E tamén unha prisión.
Todo seres fuxidíos que se cruzan no misterio
Dos camiños infinitos. Como un puro acontecer.
O lugar onde tropezan do tempo as espirais
Unha illa arrebatada polos anxos despegando
Un quebranto para a lei da gravidade.
Unha pura continxencia.
Nunca souben que facían por alí
Nin aquel que me ocupaba

Nin aquel que outrora eu fun.
Todo xente derrotada, vagabundos sen máis rumbo
que a derrota dos seus pasos.
Mais o certo é que levaban unha lúa no interior
Orbitando polo espazo da mirada
Un satélite sombrío na deriva dunha certa inspiración.
Na cidade de Saturno.

Cidade de Saturno II

As persoas inestables que se dan a camiñar
E, xa erráticas e nómadas, deambulan pola sombra das
ideas

Ou compoñen tristes fábulas
Sen maldade para o embuste
Nin malicia para o engano,
Co artificio da elocuencia
E a franca fluidez dun verbo grato,
Sempre foron un exemplo para min
E dispoño a súa lembranza no mesmo andel dos
clásicos.

Vellos cegos e dementes, redimidos presidiarios,
Desertores fuxitivos,
Desterrados e inmigrantes.
Todos donos da ferida, pecadores,
Os ausentes do lugar,
Incurables melancólicos.

Se esconxuran a súa dor co milagre das palabras
En que se diferencian, por onde se distancian.

Entre as voces que me ocupan
A falaren desde min e desde o tempo
Hai algunhas que se escoitan delirando
Porque teñen xa caduco o pasaporte
Ou regresan dunha feira a camiñar.

Outras hai que se destacan
Porque levan un fardel con grave peso
Ou carretan como un lastre a súa fatiga.
Eles forman a familia dos meus soños.

Como os músicos errantes,
Os escuros peregrinos,
Os perdidos.

Somos xente derrotada.

Vagabundos sen máis rumbo que a derrota dos seus pasos.

Cidade de Saturno III

En Manhattan por setembro vai moitísima calor
E a cidade ferve absorta de ebriedade
Desde o asfalto até o cemento,
desde a pedra até o cristal.
Os errantes deambulan ou procuran un lugar
recollidos pola sombra
E os magnates chegan tarde, fariseos do negocio,
á súa cita coa fortuna.
Nos teatros, nos concertos, xa se venta o novo curso.
E hai modelos, limusinas, campións de puxilato...
Toda a tropa que rodea o glamour dos cartos fáciles.
Tantas cousas para ver.
Que por veres non ves nunca nin sequera o propio
rostro.
O teu rostro de cansazo.
Os teus ollos que soñaron con chegar
A fuxir de todo isto.
Tanto escoitas tanto les tanto ferve a túa cabeza.
Voan dólares no vento.
E a beleza, omnipresente, está abafada pola dor.
Por un luxo elemental compracente co máis clásico.
Nos museus viven detidos
templos gregos como obxectos,
templos presos, presidiarios.
E inocentes.
E os poetas en setembro,
por Manhattan, nunca saben que tomar.
Piden cócteles, tisanas, refrixerios, e rematan
por beber bendita auga.
Xa non queren derrotados.

Vagabundos sen máis rumbo que a derrota dos seus pasos.

Nova lección sobre as aves

Como as aves que regresan desde o fondo da linguaxe,
Os recordos traen ás veces unha flor que xa murchou,
Un ornato envellecido,
Algún loureiro seco.

Mais as moedas que perderon o seu antigo troquelado,
Xa metáforas gastadas,
Son delirio da linguaxe.
Un impuro metal.

Pode a fame da victoria ou o crédito do triunfo
Premiar as túas feridas, honrar escuras chagas,
Mais os cortes e as fisuras, as roturas e os destrozos
Mal poden compensarse.
Que os despoixos ou as momias recuperen a súa vida
E regresen desde a cinza
É quimera e desengano, delirio e desvarío.
Porque o tempo corre só para o destino
E o seu rumbo está fixado de antemán.

Leva, pois, as túas memorias para o fondo da lareira
E prende lume axiña ao tempo que pasou.
Lava a cara e sente o vento
A bater nas túas meixelas.

Que ninguén te vai valer, meu vello e ambulante.
Ninguén dará por ti sequera algún misterio
das augas ou das sombras.
Oh Cristo en agonía,
Quixote moribundo.

Le bateau sur le Léman

Todo isto que che conto e que ti tanto valoras,
Nestas lentas confesi3ns que levo a cabo
No tempo en que me asiste algunha luz,
Non son máis que habilidades, argucias ou enganos,
Pequenas estratexias de palabras suxeridas
En boca dunha voz que se revela
E acaso, coma ti, non quere darse conta
De todos os embustes, tamañas falsidades,
Que pode acometer quen brinque coas palabras.

Ben sabes que hai hipérboles, metáforas,
Que chegan mesmamente a producir
O voo dunha emoción. Vocábulos perdidos
Que abrazan todo aquilo que lles lembra
O triste, o macilento, o murcho ou o estragado.
E termos, expresións, que emerxen desde a noite
Para vernos chorar. Incertas elocuencias
Que teñen por segura a turbación,
Que tenden ao sombrío, ao fúnebre, ao severo.
Mal sabes, pola contra, do tedio e do sopor,
Das néboas de fastío,
Do fume e dos vapores da tristeza.

Que pésimo negocio. Que fácil a ruína.
Celebro que apostases por min naquela hora
Da antiga mocidade. Que tiveses a loucura
De seguir dilapidando a existencia á miña beira.
E que agora solicites na brétema unha nave.

Que escuro está o Lemán. A cidade de Xinebra

Acende na distancia o seu brillo de pequena
metrópole.

E eu vexo nesta hora, tan discreta, un cénit de
esplendor.

Son fermosos os percursos polos lagos cando empeza a
anoitecer,

Cando se ergue a brisa fresca do final da xornada

E un vento de fortuna acariña os nosos rostros.

Veciñanza

Nese punto no que viran as palabras
E os camiños se converten en cancións;
Nese espazo en que o vapor deriva axiña en auga;
No lugar en que o navío deixa atrás a longa foz
E arremete coa súa proa contra o mar;
No momento en que a madeira se incinera e xa
desprende
Os efluvios do perfume do misterio;
Nese instante do solpor en que a tarde inda perdura E
a noite xa se ofrece;
No minuto en que cos ollos xa fechados
O sono vai chegando e aínda todo está presente;
Nese campo, nese tempo, estamos nós
Tan diferentes, tan distantes, tan alleos,
E, aínda así, tan inmediatos, tan contiguos, tan veciños.

A un meu fillo en previsión da apocalipse

*I know that I shall meet my fate
Somewhere among the clouds above.*

W. B. Yeats

Acaso importe pouco que o mundo se derrube.
Acaso nada teña máis valor.
Deposto e destronado o globo se dirixe,
Virando pola sombra do espazo numeroso,
A encher o ceo de voltas, viravoltas e trasvoltas,
Distancias e solturas de voos na inmensidade,
Sen rumbo nin obxecto, voluble e pueril.

Acaso pouco importe que abafe este planeta,
Que o lapso fortuíto dun percurso de séculos
Alén do comprensible e do preciso
Permita que os rotores dos astros aínda roden
E o baile de Saturno nos afunda
En longa inspiración.

Que o sol vaia murchando, que cesen as estrelas,
Extínganse as galaxias, conclúan nebulosas.
Que todo apure xa no cálice final
A pinga derradeira,
Acaso importe nada.

Mais que o escuro ou a embriaguez tisenen a túa ollada
Ou a néboa que limita os contornos das cousas.
Ou a sombra que perturba a claridade,
Iso nunca ha ser posible.

Que os teus ollos viren sempre como lúas no remate
Dunha órbita acertada
E unha eclipse desdebuxe o que neles poida haber
De fatigas ou de medo.

Que se expanda outro universo desde ti.

Estadea I

Van sen rumbo os falecidos cando empezan a vagar.
Concluída a súa viaxe polo mundo,
Xa cadáveres, camiñan pola néboa.
Non procuran a xustiza nin tampouco a redención
Nin sequera unha vinganza.
Só constatan que existiron,
E transportan o seu facho polo monte escurecido.

Van inertes, preguiceiros, vagamente
Divagando nos camiños imprecisos.
Percorrendo os cemiterios e as lagoas,
Sombras murchas e espectrais
Que repousan polos cruces dos camiños
E conducen novos mortos cara ao acaso.

Levan luz de néboa branca e unha brétema de lúa
Sobre os lenzos albacentos dos sudarios
E percorren polas gándaras un silencio de illós,
Lamas frías das lagoas polas beiras xunto á herba.

Empregan pó de cal, fariñas que esparexen ao pasar,
E propagan, diseminan e derraman
Un efluvio corrompido de materias que roubaron
Veloces na vertixe dun alento fermentado.
Van sen rumbo e sen vagar, ulcerados,
descompostos,
Son lexión de corpos fétidos e inmundos,
Grea séptica e errante.

Estadea II

Debo, insomnio, celebrarte
Se regalas horas limpas coma esta
En que un libro se converte na mellor das compañías.
Virxilio, Eneida VII, Descrición do Idilio,
Omnia gaudent Terrarum et coeli
Ridere videtur apertis Aethra polis.
Glosando o escrito antes por Teócrito.
E unha luz na madrugada espaxe a calidez
Do fogar e a intelixencia.

Son feliz cando alumeas o meu curso polos días
e espaxes pola noite a túa brancura
camiñando sobre páxinas,
a rebolos entre letras.

Libros hai que me acompañan
como amantes polos leitos,
libros longos que prosperan co fluír da madrugada
e esvaecen ao chegar o amanecer.
Libros noites de brancura, libros lámpadas gañados
na aventura preguiceira do durmir,
libros torres que ascenden para ollar desde o máis alto,
libros voo como azoteas.

Feliz quen logra ler nas horas dos insomnios
e mira xa vertidos no interior da súa conciencia
longos sulcos de discurso achegados doutro insomnio,
epístolas de insomnes para insomnes,
como un vello labrador que se aventura
na colleita doutros campos e combina
o doce froito dos seus soños
cos sabores regalados do lindeiro.

Debo, noite, condenarte
Cando espallas o temor nos pesadelos
E nas sombras da conciencia volven seres apagados,
Xente exánime e caída,
A cobrar antigas débedas.

Vento

Onte á noite o vento andaba revoando no tellado
E dicía versos tristes como en sombras,
cun desánimo gris,
Ese pouso de amargura que por veces ten a voz
Dos que arengan e disertan sen palabras.

Era un sopro modulado con acento de humildade
Como o voo dunha pregaría de perdón,
Un sinxelo esbagullar por tormentas cometidas,
Inclemencias, temporais, arrebatos e mareiras,
O rosmar de quen lamenta e se desculpa.

Escoiteino interesado, observando a súa mensaxe,
Atendín o seu misterio, concentreime na harmonía
Que acadaban os seus brados ao rozárense coas
árbores,
Un intérprete furioso, un excéntrico frautista.

Logo virou lento e só se oía un salouco entrecortado,
Unha súplica apagada, unha queixa infeliz.
Ben está que se desculpe, pensei eu.
Mais quen pode confiarse
No caer dos seus arroutos, na carencia da súa ira.
Ben sabía o vello Homero cando a cólera de Aquiles
Que os desplantes da paixón seguen leis que non
sabemos.
Pautas, normas e decretos non ditados nin escritos.

Oh vento arrebatado, tamén nós alá por dentro
Comprendemos a túa fé, dispensámosche os embates.

Pois non somos máis que vento alí onde se xeran
As palabras, a emoción, o canto.

Visitación

Hoxe veume visitar este poema na metade de noite.
Aínda non amañecera.
Nin se deu a coñecer.
Veu do fondo do descanso, arrebatado,
Como chegan os cabalos que andan soltos polo monte
E precisan o refresco dunha auga de chuvia.
Veu dicindo: aquí me tes. Abre os ollos.
Horas son de que me escoites.
Non te deixes arrastrar polas ondas da preguiza
Ou o vento da nugalla.
Vai dispor o meu discurso no interior do teu caderno.
Dálle forma con palabras.
Era abstracto, unha emoción. Nada que puidese
Ser escrito en pouco tempo. Era sombras ou rumores.
E marchou sen despedirse cando viu que xa deixara
Un ronsel do seu ascenso.

Pilotaxe do Inferno I

Foi no tempo en que eu sulcaba a ribeira do Aqueronte.
Carretaba na falúa uns anacos de carbón
E o fardel dos días tristes,
Frouxo, farto, nugallán,
Decaído polo escuro,
Esgotado de misterio,
Transportista.

Nas paradas xunto ao río axuntábanse moreas
De doentes e de loucos
E era fácil ver caer nas augas algún corpo
Ou sentir que unha mirada xa te ollaba desde o alén
E que foran os teus ollos as amarras derradeiras.

Moitos seres descompostos, sen acougo para a morte,
Acenaban xunto á proa, delirantes e achispados,
E vertían as blasfemias iracundos
Ou rezaban as pregarías índa un pouco xuiciosos,
Atordados polo ton de gravidade
E o soprar das tubas baixas que espallaban
Un regueiro de sombras
Entre o azul das soallas.

Eu guiaba o meu navío polas brétemas,
Coñecía os pormenores do tránsito fluvial,
Os detalles do percurso polo esteiro,
Cando o caos da noite muda en desconcerto.
E facía o percorrido varias veces cada tarde.
Media hora de carreira. Dez minutos de descanso.
Eran xente moi vivida os pilotos naquel tempo.

O cachimbo sempre aceso pola boca

E unha gorra con viseira xeralmente circular,
Unha pucha que escondese a atención da túa mirada
Inclinando un pouco a testa.

O demais era moi simple:
Premeres a buguina no momento de partir.
E nunca socorreres os náufragos caídos.
Nin os mortos afogados.

Polas noites na cabana
A garrafa de hidromel
Axudábame a esquecer.

Pilotaxe do Inferno II

Os pilotos que navegan polas augas do Aqueronte
A fumaren no cachimbo herbas cálidas e umbrías
Nunca ollan a estribor
(O lugar por onde baixan os que xa non volverán)
No momento da arribada.
No costado dos seus barcos fican restos da viaxe,
As reliquias e as migallas, os vestixios e o pó,
Sedimentos do que foron existencias, longas vidas,
Anacos e seccións, feces, desperdicios.

Mais eles, os pilotos, felizmente non se encargan
De limpar pola coberta refugallos e despojos.
Que os pilotos fuman, beben, len esquelas, ou escoitan
De seguido Richard Wagner. Condenados
A esta vida viaxeira, son felices cando deixan
Atrás o seu país, nos meses en que poden
Cobrar o seu descanso. Pois ben saben
Que algún día, máis antes que despois,
Han subir a algún dos barcos
Que percorren incansables
A noxenta travesía.

Os pilotos, entrementes, sorben líquidos escuros
Que os embriagan, pasan tardes no cinema,
E namoran con decencia bailarinas.

Son estraños os pilotos.
Tantas horas de ollar néboa.

Pilotaxe do Inferno III

Os barqueiros do Aqueronte temos canso o corazón
De falar cos moribundos entre a néboa,
Cos agónicos doentes e os audaces afixidos.

Tan exánimes nos deixan os percursos polo río,
Tan moídos e tan lasos, que por ter non temos nada
Que poidamos presentar como proba de piedade.

Só evidencias, testemuños, dunha lástima cortés,
Da clemencia que che inspiran as protestas e os
saloucos,
O clamor de tanta xente arrebatada,
Tanto público confuso,
Tanta tropa temerosa.

Os barqueiros somos tipos (por varóns e veteranos)
Pouco dados a soñar.
Tan maduro e tan remoto o pasado tempo aquel
En que había unha ilusión,
Unha fábula, un espectro,
Xa gastado e deslucido.

Nin as ánimas nos queren nin os demos e espantallos.
O noso é navegar polas brétemas fluviais
Levar soños desde o aquí para o alén destas
fluencias,
Trafegar as esperanzas polas augas consumidas,
As correntes apestadas,
E facelo no silencio que hai na música de loito,
Luctuosos e sombríos e patéticos e lúgubres.

Os barqueiros do Aqueronte.

Esa escura profesión,
Ese afán anoitecido,
Ese lóbrego mester,
Esa equívoca tarefa.

Pilotaxe do Inferno IV

Os poetas o que somos é barqueiros no Aqueronte.

Cada viaxe, unha metáfora.

Nunca paras de levar

As palabras desde unha a outra ribeira,

As palabras consumidas, catalépticas, sedadas

As palabras que van rumbo do final

Xa letárxicas. durmidas.

Xa palabras paliativo, linimento ou analxésico,

As palabras que sobraron e as que están realmente mortas.

Os poetas e os barqueiros temos néboa para ver

E despois da néboa, brétema e fuscillo,

E as palabras que se tiran desde a borda

Ou que mostran chagas tristes a sangrar pola cabeza.

Mesmo igual que algúns barqueiros temos días para andar

Polas augas da lagoa

Como as aves que aquí pousan o corpo fatigado do seu voo

E espárense paus e follas sobre un niño

Ou tardes en que o sol brilla moi baixo

E difunde a irisación do crepúsculo no abismo

A cromática funesta do tártaro, do averno.

Os poetas e os barqueiros morreremos ao final

Carretando antigas flores

E algún día baixaremos da falúa

Pra ficar na outra ribeira

Onde dormen os vocábulos

E hai un longo cemiterio
Con selos, marcas, timbres.
E lemas, rúbricas e títulos.

O (pouco) que sei de Cleopatra

Das noites que pasei con Cleopatra
E souben do seu corpo arrebatado
E tiven a certeza de que a hora
Insólita se erguía como un froito,
Conservo aquela estraña en que soubemos
Borrar das nosas peles o desexo,
E sermos claros como a auga.

Das sombras que encontrei en Cleopatra,
Amante do seu ventre iluminado,
Na dúbida e na fe, na convicción
De ser un recluído, un galeote,
Relembro a que fulxía como un lume,
Viveza dunha ollada nebulosa.

Das noites que abracei a Cleopatra,
Espida, sen máis roupa que o manto do cabelo,
Sen outros atavíos que a capa das sombras,
Coa brisa nocturnal por toda vestimenta,
Os labios gorentando o cálice da alba,
Regresa agora o viño que verte a miña historia,
O extracto dunhas pingas a daren a substancia.

Da noite en que partín con Cleopatra,
Veloces sobre poldros ordinarios,
En busca das planicies, as chairas e as sabanas
Que bañan grandes ríos cara a oriente
Recordo aquel espectro da lúa como un signo
De espantos ancestrais
E a flor que a reflectía no cumio da cabeza
A chama singular, o vértice ou a cresta,
Brillando sobre o mar

De Mármara en agosto.

Outro poema máis sobre o solpor

Todo arrastra o voo da luz.

Os lagos e as baías, os esteiros e os illós,
Presentan moitas tardes, contra a hora do ocaso,
Unha brétema acendida,
A ignición dos espectros que saíron camiñar,
Etérea inflamación.

Incineran a beleza, carbonizan o boato,
E, nos fastos de queimar este esplendor,
Esfumíñanse na noite, sempre espida.

Desta cruel apoteose, desta pompa funeral,
Non salienta máis grandeza que a do espazo que se
afunde
E a das horas que se perden como un líquido escoando.

Todo arrastra o voo da luz.

Os que temos a fortuna de levar nave lixeira
Entre o mesto neboeiro
E dispor o rumbo exacto cara ao fondo da baía
Vemos sombras e espantallos e quimeras
Calcinados sobre as ondas,
E hai enxendros, sombras, ánimas e meigas,
Que esvaecen para sempre aniquilados.

Todo mostra o sol que vence.

Todo arrastra para o Hades.

Na noitiña a brisa fresca enche a vela do navío.

Marca a luz o tempo exacto para ollar o que perdín.

As efixies que aínda fican sublimadas entre a néboa.

E despedirme.

Velaí quen debuxou cos seus ollos a derrota.

Velaí quen foi furtado para sempre

E afundiou como este sol,

Ulcerada expiación, dolorosa chaga.

Da anatomía do tigre

Por máis que a sensatez anime a túa medida
E sexa a discreción, o siso e a cautela
A norma dos teus actos...

Por moito que o xuízo, o tino, o entendemento,
Alenten a prudencia, promovan o recelo...

Aínda que a reserva, a regra, a dignidade,
Conforten o valor do escrúpulo e a ética...

Nalgún lugar no fondo dos pozos do misterio
Resiste sen fatiga, feroz, ese animal
Que asoma algunhas noites na néboa dos teus soños:
A besta que persegue ferir ou lacerar,
Verter no sacrificio o sangue da inocencia,
Brutal crucificar as vítimas inermes.

Indómita, procura o mal da enfermidade;
Desgrazas e infortunios son gozos para ela;
Miserias e aflicións, deleites adorables.

Vivaz, anda durmida e só de cando en vez
Esperta e deambula, percorre a súa gaiola
E tenta derrubar a porta e evadirse,
Fuxir por entre as sombras, no escuro desertar
E darse a todo tipo de abusos e abundancias.

Ten ollos para ela. Non penses que deixou
Atrás o seu imperio, o tempo en que podía
Verter sobre esta hora un saldo ignominioso.

Pozo

Contoume que de neno caera no interior
Dun vello pozo seco.

Pasara varias horas
Berrando sen que alguén
Oíse a súa chamada de socorro.

E foi que finalmente o pai logrou libralo
Con cordas e poleas, e axuda dos veciños.

De novo sobre a terra, fuxido daquel voo no precipicio,
Lembraba os sons que oíra, ruídos que chegaban
Do mundo superior, un disco de luz viva aberto alá no
alto.

Contoumo na terapia.
No círculo de alcólicos
Dispostos a deixarmos a bebida
A tarde en que a muller tentara suicidarse.

Contoumo non sei como. Tampouco para que.
Mais creo que quería buscar a claridade.
Volver ollar de novo no alto o ceo azul
E algunhas nubes brancas.

Beleza

A historia dunha moza que asiste a un home cego.
Escríbelle papeis. Ou lelle documentos.
E nunca alguén lle dixo lindeza ou fermosura.

Despois de varios meses,
Na última xornada disposta no contrato,
O home, namorado,
Pregúntalle se pode tocar o rostro ignoto.

Cos dedos vai trazando un sulco nas meixelas,
Nos labres, no nariz, e dese xeito encontra a imaxe da
beldade,
O eco que os seus ollos non poden apreixar.

Non falan, non describen ningún dos sentimentos de
roce tan sutil.
Só saben que no tacto emerxe a claridade que brota do
desexo.

Que todos somos cegos perante ese fulgor
Que asoma alén da pel.
A chama que se acende, escintila e brilla.
Que hai moito de imposible no lustre da beleza.

Ponte

Sentar xunto á varanda que dá ao río
A ler guías de ferrocarril.
Iso facía Chejov, tuberculoso, pouco antes de morrer.
Nas páxinas tomaba apuntamentos, frases sen remate,
Fragmentos claramente mellorables, simples notas.
Unha delas afirmaba:
E cruzarás por entre a néboa a ponte dos suicidas.
Foi fácil para el.
Saír da vida.
Camiñar na Historia.

Necios (ou pecios)

Non somos máis que barcos levados á deriva,
Navíos que perderon viaxeiros transeúntes,
Sinistros paquebotes lanzados contra as rochas,
Cargueiros que se vencen e dan en afundir.
É certo que pairamos no medio das correntes,
Que, ás veces, emerxemos dalgunha onda adusta,
Que, en días de quietude, logramos navegar,
Chegar a unha distancia, cumprir a travesía.
Mais sempre vai erguida a enseña do fracaso,
Bandeira do estropicio, o emblema da ruína.
E, a nada que se afirmen os ventos da tormenta,
Inermes, desprazamos o casco para o fondo.
É lei que o abismo sexa a nosa patria clara.
Non outra merecemos.
Non outra desexamos.
Naufraxio e desamparo son todo o patrimonio
Que afunde canda nós, zozobra á nosa beira.

Fronteira

Onte á noite devecía por cruzar esta fronteira.
Era cedo.
Camiñaba polo fondo da memoria
E notaba a desmesura
Do imposible a construír un castelo de cristal
Cunha torre sobre o abismo para o voo do suicida.
(É frecuente esta palabra, suicida, no meu texto
Dalgún tempo para acá).
E notaba esta fronteira
Como proba da derrota dos meus pasos polo mundo.
As fronteiras e os silencios que separan o discurso.
Portas, chaves e caixóns.
Selos, libros, peles.
Todo canto serve de fronteira.
Era cedo, xa vos digo, e escoitaba un Mozart triste
Mais sublime coma sempre.
Pode ser que fose a noite.
Pode ser, tamén, que fose Mozart.
Ou pode que a fronteira.
Que sei eu.
Devecía, en todo caso, por cruzar.

Presentación do vagabundo (o can)

El era o portador de lúcidas fazañas na voz orixinadas,
Aquel que carretaba na sombra luminosa
Vocábulos visibles de corpo e claridade,
Palabras que podías mordiscar,
Roelas pouco e pouco.

El era o que vencía na noite da elocuencia
E sempre tiña un dito, un verso, algunha frase,
Regalo dun encontro fugaz, polos recantos.

O amo do discurso, o rei da conxectura,
O pai da alocución, o zar da apoloxía,
El era o gobernante, o faraón,
Rexente sen bandeira e príncipe sen reino
Con todo o seu imperio de palabras
Dispostas a morrer se for preciso.

El era emperador, e César e sultán
Dos ríos que atravesan as metáforas,
Da escoria e mais do magma, da lava e do residuo,
Da imaxe e do retrato, do cadro e do perfil,
O déspota e califa, señor e soberano
Das terras en que pastan os enigmas.

El era todo iso e, acaso, tamén era
Monarca vagabundo dos moinantes,
Cabeza peregrina da tristeza
E musa clandestina dos perdidos,
Secreta inspiración dos regalados
Co arrouto dos enxeños,
Coa ebriedade das musas.

Presenza

Leva o día para o fondo con lentísimo vagar
O seu carro de substancias,
O remolque enferruxado da xornada,
Os seus buques oxidados.
E carreta entre os enseres e trebellos
Moitas páxinas roídas,
As materias que deixei levedando no misterio,
A pousar na luz da sombra unha fatiga
Do percurso polos ámbitos da tarde.
E no pó que esparexeron no papel
Os meus días consumidos,
Este arcano saber de nada e pra ninguén,
Vai o día co seu lombo xa retorto,
Acariñando pouco e pouco o neboeiro,
A tecer polos espazos a madeixa desa hora,
Certamente encrucillada.
Paro un algo a contemplar o invisible que hai na tarde
E mal vexo unha distancia.
Mais admito esa presenza
Do que hai nada estaba aquí,
Pouco antes de caer, claridades espectrais,
Polos pozos da memoria,
Polos campos de exterminio que hai alén do
esquecemento.

Poema sen fin

Despois de varios días na espera do poema,
Chegaban frases soltas, palabras intranquilas,
Sentencias que debía acaso ponderar,
Vertelas nalgún molde, igual que unha fariña,
Deixar que fermentasen, levalas a coción,
Mais nada que puidese sentir como alimento,
O cólico nutricio da voz sobre o cerebro,
O pulo arrebatado da noite da linguaxe.

Farteime de esperar. Silente cazador
Nas fragas da conciencia, velei porque chegase,
Propúxunme escoitalo pasando para o lonxe.

Na luz da madrugada fiquei adurmiñado,
Sen forzas pra seguir.

E foi cando sentín o trote moi lixeiro
Verter por entre a néboa, escuro como un cervo.
E alí se erguía agora, brutal, maxestuoso.
Solemne como o frío, insomne como a alba.
E foi desta maneira que a voz se esparexeu:
Despois de varios días na espera do poema...

Gratitude

Por moito que eu vivise e os anos se alongasen
E grato fose o tempo no curso polo mundo
E doces os sabores que aínda esparexese
No trato cos humanos, feliz do meu destino
Nos sulcos que semente o cólico da historia...

Por moito que durase o tempo que me reste
E múltiples, cuantiosas, as tardes que devalen
E as flores que abril traia nos ramos da ameixeira...

Que ritos suficientes tería que invocar
En pago polo trato que sempre deparaches
A este que te implora, Oh Venus deliciosa.

Acaso abondaría co viño fermentado da última colleita?

Se Aphros deu Abril e o nome de Afrodita,
Aquel con que os helenos honraron a túa gloria,
Que sexa o longo mes
De abril quen te celebre.
E eu poida contemplalo.

Na outra banda da baía

Vin para esta banda da baía
A aprender a chorar.

Os nimbos debuxaban no ceo espaxados
Un cólico de inverno.
E o porto estaba quieto
Sen restos de tormenta
Como unha cerámica.

E vin para chorar sen ter ningún motivo.
Chorar coma quen bebe sen sede.
Chorar coma quen canta sen canción.
Chorar como unha nube.

E vin para esta banda da baía
Porque ás veces é precisa unha distancia,
Un rumor de afastamento que che sopra no cerebro,
Que che diga versos grises coma estes,
Que che ensine a estar calado sen silencio.

Irei para a outra banda da baía
Sabendo xa chorar.

Supoño que é preciso
Que un home teña o pranto entre os saberes
Que debe carretar
Para o sur do esquecemento.

Consideracións domésticas

É importante que, ao chegar a primavera
Mudes os espellos de lugar.

Que aquel que reflectía a túa imaxe sombría polo
inverno
Xunto á entrada da casa
Regrese agora pra o faiado.

Que esoutro que espallaba no final do corredor
A límpida noticia da mañá
Se ocupe en van de amar as sombras.

Ou que aquel tan misterioso
De cristal viselado
Que foi xoia da familia e unha herdade dos avós
Presida novamente as cerimoniais
E os ritos do fogar:
Sentar para comer,
A ler, oírmos música
Ou vermos filmes clásicos.

Por último o que impera
No recoleto vestidor,
E vén sendo testemuña
Do segredo e da beleza,
O que sabe anatomía e se ocupa de orientar
Os teus brazos pola roupa,
E proxecta a túa presenza como un plano,
Ese déixao estar.

Non é bo que o seu azougue se perturbe camiñando
E abra fendas nas imaxes.
Que manteña para sempre o fulgor amañecido.

Braga

Moito amor lle teño a Braga,
A cidade episcopal,
Cemiterio do misterio.

Porque nela existen portas
Que conducen ao interior dunha lanterna,
Barcos feitos de xasmín,
Unha estrela pensativa.

Porque nela dormen soños que fuxiron
De mosteiros e conventos,
Vellas cápsulas umbrías
De martirios e suplicios
Que remontan á infancia de Europa,
Ao tempo da inocencia e da crueldade,
Aos albores do hemisferio.

Moitas horas pasaría camiñando este lugar,
Que remite para o fondo de algo meu,
A sutura dunha vella coitelada,
O remedio dun temor.

Moita luz desprende Braga
No seu cólico de sombra,
Moito imperio que venceron as idades,
Moita noite de defuntos,
Moito Cristo ensanguentado.

Morto hei de vir a Braga,
Camiñando polas néboas,
Asubiando a ladaíña do solpor.
E virei con pouca présa.

Porque hai tanto que falar.

Novas aventuras do Capitán Melancolía

E foi que na batalla oímos na distancia
A voz do Capitán Melancolía.
Cara adiante, proclamaba.
Cara ao centro máis azul do neboeiro.
E un cento de soldados seguíamolo fieis
No medio dun rebumbio de canóns.

Ficamos derrotados.
Moitos mortos ou feridos,
Esparexidos polos campos a laiarnos,
E fomos prisioneiros, condenados.
Finalmente desterrados do país.

O día en que chegamos de regreso
A voz do capitán fíxose oír.
Cara adiante, reclamaba.
Cara ao centro máis azul do neboeiro.

Ben sabíamos que aquel era o grito do desastre,
A orde que calquera maliciaba,
O encargo do fracaso e do naufraxio.

Mais agora a brétema ocupaba
Os barrios populares da cidade.
Alí onde deixáramos a casa.

No hospital en ruínas

Levo días preocupado.

O mundo deu comigo e está chegando a min.

Son consciente de que o aire xa me ocupa.

E a auga.

E a luz do sol.

Podo estar desacertado mais diría

Que hai tardes en que a sombra me reclama,

En que verte sobre min a súa gabanza.

E eu vou como quen leva o corpo para un río

A refrescarse.

E preséntome en fervenzas ou en praias

Sen máis roupa que a tristeza,

Tan espido como as árbores caducas

No final de novembro.

Ou reclúome na casa para oír

O son que trae o vento cando brúa,

A música que verte enfebrecida

Do interior das mazás.

Seica ando transtornado

Por non sei que me pasou.

Desas cousas que acontecen polo fondo

E teñen son de orquestra wagneriana,

Ou rumor de contrabaixos.

Levarei o desvarío a que mo amañen

E direilles que me miren a existencia.

Non vaia ser que sexa a noite.

Ou o frío da alba.

Zenón de Elea (490 a. C)

Zenón de Elea tiña os labres encarnados.
Sentábase nas tardes a ver a cor do mar
E ás veces merendaba enteira unha laranxa.
A aguda observación levouno a comprender
O xeito en que a linguaxe nos engana.
E todo vendo os barcos arribar ou partir.
A boca gorentando a cítrica emoción.
Zenón de Elea andaba ás veces pola ágora.
Falaba e discutía. Dialogaba.
Mantiña unha distancia cos seus deuses.
Bebía algo de auga, prefería
A sombra contra o sol mediterráneo.

Física Cuántica

Hai días por abril
En que as flores da ameixeira
Dispoñen unha cor de oso consumido,
Ese mesmo cromatismo
Dos despoxos de cabalos
Que se encontran polo monte.
Un branco amarelento que unifica
Morte e nacemento.

Sempre dis que este agrelar das árbores transporta
As luces da alegría,
O brillo da beleza.
Mais teño para min que estás errada.

No horror desas cabezas e esas tibias
Consumidas pola chuvia e os insectos.
Existe a mesma forza:
The force that through the green fuse drives the flower,
que dixera Dylan Thomas.

O pulo sideral do acontecer.

Interludio á xeografía de Polonia

Levas mal tanta beleza.

Os camiños que percorres ao pasares por Varsovia

Ou seguindo cara ao sur pola chaira sen fin

Ateigada de casiñas e cultivos.

Ou deixando atrás Cracovia cara aos montes de Silesia,

Seguindo o curso antigo do Vístula radiante.

Levas mal tanta feitura.

A presenza deses rostros e eses corpos

Tan alleos a ti e, no entanto, tan inzados de vigor,

Tan enchidos pola graza do seu tempo,

Polo ímpeto de ter a vida como un froito madurado,

Unha certa plenitude,

Como o Miño por Barbantes.

Levas mal este país

Conducido por un círculo de espranza

Dirixido cara ao fondo da historia,

Ti, que ves doutro país para sempre asasinado,

Ti, que sabes como doen os países afundidos,

Como doen os aeroportos cando volves de regreso,

Como proen sobre a pel

As chagas murchas da nación abandonada.

Levas mal tanta beleza.

Non mereces nada disto.

A Pepe Mayoralas, mestre, con motivo da súa xubilación

Que pouco dura todo. Que rápido se foi.

Andábamos aquí hai máis de trinta anos
A lermos Marcel Proust
E, mesmo sen querer, pasaron os decenios xunto a casa
de Swan,
Levando na súa sombra de cisnes e de signos
O enigma da derrota das augas.

E nós, entre conversas que o tempo espaxiaba
ingrávidas de fume,
Vertíamos o mundo con catro referencias,
Falábase de Freud e de Lacan,
E mantiñamos un duelo contra o sol,
Le soleil noir de la mélancolie.

Que pouco dura todo, meu amigo.

Por lento que pareza,
Por moito que un perciba o preguiceiro
Camiño das xornadas
E a fatiga dos mences,
O tempo segue adiante co seu carro,
Feirante de retallos da existencia,
E saca de baralla
E pídenos botarlle algunha brisca.
O tempo, co seu carro de moinante feliz.
O tempo, coa carreta dos espolios.
E nós, sen dármonos nin conta,
Botámoslle unha man,
Contra o tempo, o carreteiro,

O feirante e o moinante,
Sabendo de antemán que está perdida.
Sabendo finalmente que a existencia
Non é máis que un xogo de azar.

Que curto se me fixo. Que lóstrego vivir.

Que o devalo dos planetas e dos astros
Dite un rumbo de fortuna para ti
E que teñas vida longa e vida grata
E que vello aínda ilumines
O misterio das cousas,
Hereux qui, comme Ulysse, a fait un beau voyage.

O pescador

Ese home que pasou cunha cana de pescar
E que ollaba para o río como un vidro desolado
Resúltame tan próximo, non sei, desta familia,
Que non souben se ir dicirlle como anda meu amigo.

E el olloume enteiramente,
Por completo,
Desde o fondo da memoria.
Como ollan os que verten o gas verde do silencio
Sobre o mar do esquecemento.

Sería cousa de paralo, con estima, educación,
E pedirlle que dixese por que ano circulamos.

Acaso el ande a camiñar pola beira deste río en mil
novecentos e tal
E eu estea aquí sentado un século despois.

Acaso el sexa un meu parente antepasado
E eu lle lembre a si mesmo cando novo.

E, igual que el me recorda os recordos dos avós que
lembraba a miña nai,
Eu resulte para el unha cruel premonición:
A certeza de que só a mudanza perdura.

Ese home que pasou
Era eu hai moitos anos.